



Silvia Penas realizou estudos de Filoloxía Galega na Universidade de Vigo, cidade onde mora a día de hoxe. Entre outras tarefas profesionais, exerce como profesora de lingua e literatura galega. Alén diso, forma parte do grupo poético musical Cintaadhesiva como vocalista e letrista a canda os músicos Jesús Andrés Tejada e Pablo Muñiz e mais a video creadora Area Erina.

Os seus textos foron galardoados en diferentes certames de poesía, entre os que cómpre mencionar o Premio de poesía da Universidade de Vigo 2005, co poema en cinco partes *Neste Bosque*. Cun outro conxunto de poemas titulado *A tiranía do des* foi premiada en 2007 no Certame Galego de Creadores Novos GZcrea. En 2009 publica *Biografía da multitude* en coautoría con Elvira Riveiro e grazas ao Premio de Poesía Victoriano Taibo.

En 2013 gaña o I Certame Lueiro Rey de Poesía con *As uñas crecen*, publicado no 2014. Séguelle en 2015 *Diario de ladras, bailarinas, asasinas e flores*, Premio Avelina Valladares.

Foi gañadora do Slam Arousa e do I Slam Vigo, e seleccionada para participar no Slam estatal en Madrid e no Slam Internacional de Barcelona durante o ano 2013.

Ademais, ten participado en numerosos recitais como membro do colectivo Redes Escarlata.

DÍA TERCEIRO **MULLER CON FLORES I**

*Hoxe hai aínda un ollo escuro
en forma de culler
na gorida onde reside o calafrío
o rumor*

*Un ollo atravesado polo xeo
sabe da inminencia do furacán
A pericia é aliada
déspota coma o nome dun imperio
En posición de ataque*

*a muller que baila coas flores
trata de morder o bordo tenso da noite
Sabe que cederá a danza
e que o voo lle será arrincado
porque xa non é cóndor na madrugada
O ollo espreita
e provoca unha distancia
que enferma o ceo
por veces
prémelle no corazón
e sangra*



**(SILVIA
PENAS)**

Luns **12** de decembro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

Poetas
Di(n)versos
2016



Laura Accerboni





A xenovesa **Laura Accerboni**, nada en 1985, deuse a coñecer como poeta publicando poemas en distintas revistas literarias italianas, máis tarde tamén dende estadounidenses a holandesas. A súa ópera prima foi *Attorno a ciò che non è stato* (2012) e o seu último poemario *La parte dell'annegato* (2015).

Na súa fulgurante carreira literaria, fíxose cos premios Piero Alinari (2011) da Fondazione Alinari en colaboración coa cátedra Giuseppe Ungaretti da Universidade de Columbia (Nova York) ao mellor poema inédito, o premio Giovani Talenti Cercasi do 2009, o CercaTalenti do 2006, o do certame literario internacional Cidade de Ancona (2004), o premio nacional Città di Castello Artea entre o 2002 e o 2003, o premio internacional de poesía Cidade de Monza do 2000, o premio literario internacional Maestrato San Marco do 1999 e o premio Lerici Pea do 1996.

Sendo unha das poetas seleccionadas polo proxecto Versopolis que promove a Unión Europea, ten participado en prestixiosos festivais de poesía nos Países Baixos (Rotterdam), Bélxica (Felix), varios de Croacia e Suíza, e Macedonia. Dende 2012 é membro do consello editorial da revista literaria *Steve*, colaborando igualmente coas súas recensións e traducións poéticas. Alén diso, os seus traballos fotográficos foron mostrados en exposicións individuais e colectivas.

*Querendo
podería ser un xabaril
e dispararme entre os ollos
querendo.
E a ningún
lle parecería nada.
Alguén se preocuparía
de extraer o chumbo
do corpo.
Que non acabe
entre os dentes,
que non manque
as meixelas por dentro
ao mediodía.*



Poetas Di(n)versos 2016



Silvia Penas